


2.MAPA SINÓPTICO



©AEMET. Autorizado el uso de la información y su reproducción citando a AEMET como autora de la misma

-Tipo de documento e elementos que aparecen nel:

O mapa sinóptico ou metereolóxico de superficie é unha representación cartográfica (en España Europa, o MAGREB e o Atlántico Norte) cunha serie de elementos metereolóxicos que permiten deducir a evolución do tempo nas vindeiras horas. Denomínase de superficie porque representa os valores de presión a nivel do mar (0 METROS). Elementos:

- **Isobaras:** liñas que unen puntos ca mesma presión, sendo o valor medio de 1013 mb. Por riba son anticiclóns e por baixo borrascas. Indican ademais a intensidade dos ventos (se están moi xuntas, moi forte) e a dirección dos mesmos pois móvese das altas ás baixas presións.
- **Borrascas :** centros de baixas presións (-1013 mb). Traen tempo inestable, con chuvia, vento e as veces temperaturas máis baixas. No mapa aparecen representados ca letra “B”e teñen valores decrecentes cara o seu hepicentro.
- **Anticiclóns:** centros de altas presións (+1013mb) aportan tempo estable, con ausencia de precipitacións e ventos, aínda que poden ser cálidos ou fríos.No mapa aparecen ca letra “A”.
- **FRONTES:** son masas de aire con condicións homéxeneas de presión e temperatura. No inverno son a correspondencia en superficie dunha circulación lenta do Jet stream en altura.

As frentes frías, representadas cunha liña de triángulos azuis, tenden a baixar cara ao sur. Cando unha masa de aire frío despraza a unha masa de aire cálido ésta tende a subir, ao ser máis lixeira, xerando nubes de

desenvolvemento vertical con precipitacións de carácter treboento e baixada de temperaturas


As fronteas cálidas (línea vermella de semicírculos) tenden a subir ao norte. Cando é a fronte cálida a que avanza sobre a fría prodúcese precipitacións menos fortes, pero máis prolongadas, e un notable aumento da temperatura

A fronte ocluída, fórmase cando unha fronte cálida é atrapada entre dúas frías. Representábase cunha liña violeta con semicírculos e triángulos orientados na mesma dirección. A fronte cálida comeza a xirar e crease a **CICLOXÉNESE EXPLOSIVA** ou bomba metereolóxica, unha borrasca moi potente que se crea con gran rapidez, con presións moi baixas, fortes ventos e abundantes precipitacións, unha combinación que pode ter efectos catastróficos.

Situacións metereolóxicas a identificar:


1. SITUACIÓN ANTICICLÓNICA DE AZORES (verán):

O anticiclón das Azores é un anticiclón dinámico, marítimo e non moi potente (rara vez supera os 1025 Mb), que no verán ascende ata situarse ao oeste das illas Británicas, extendendo a súa influencia por toda a zona. Logo comeza o descenso ata situarse á altura do norte de África, pero sempre sobre o Océano. Trae elevadas temperaturas e escasas precipitacións. A súa influencia é maior canto máis ao oeste, polo que o Cantábrico oriental tende a ter un verán peor ca costa galega. As veces prolonga a súa influencia durante o outono, bloqueando as borrascas atlánticas e traendo un tempo anormalmente cálido e seco.



2. SITUACIÓN CICLÓNICA DE OESTE (inverno)


A **DEPRESIÓN DE ISLANDIA** É unha zona de baixas presións, bastante forte (970 mb), tamén de orixe dinámica e marítima, que realiza o movemento inverso ao Azoriano: no outono baixa, traendo unha familia de borrascas que varren as costas do Cantábrico e Galicia aportando fortes precipitacións, ventos intensos e temperaturas baixas durante semanas. É a situación predominante do inverno, aínda que se pode prolongar ata ben entrada a primavera.



3. GOTA FRÍA-DANA (comezos do outono)

A meteoroloxía no Mediterráneo é menos previsible e máis inestable pola propia configuración da área, un mar pechado rodeado de montañas con masas de terra con temperaturas moi diferentes

É típica de finais de verán e comezos do outono, e fórmase polo calentamento progresivo do Mar ao longo do verán , o que crea unha enorme masa de aire cálido que tende a ascender, deixando un espazo que é ocupado polo aire frío que comeza a chegar do norte. Se coincide cun descenso da velocidade da corrente do chorro, fórmase unha enorme bolsa de aire frío rodeada por aire moito máis cálido. O resultado é unha enorme borrasca provocada pola diferenza de temperatura entre as distintas masas de aire, e que arrastra polos ventos do Levante levántase no Mediterráneo español fortísimas precipitacións (1) e fortes ventos que provocan enchentes e enormes danos económicos. Este fenómeno é coñecido popularmente como a **PINGA FRÍA (1)**, aínda que o termo meteorolóxico é **DANA** (depresión aillada en niveis altos), e case non se detecta nos mapas de superficie. É tan intenso coma breve, pois polo xeral non dura máis dun día, pero cando se prolonga no tempo é devastador. É o responsable da maior parte das precipitacións no Mediterráneo. Canto máis cálido sexa o verán, antes se formara a Pinga, e máis potente será. Nos casos extremos afecta á zona de Euzkadi.



-

COMENTARIO

No mapa habería que localizar os anticiclóns, borrascas e frontes e identificar os valores de presión. hai que situalos indicando coordenadas xeográficas (n, s, l, no) non arriba, abaixo, esquerda e dereita.

Con todos estes datos habería que explicar cal sería a previsión do tempo nos días seguintes: indicar se é unha situación ciclónica ou anticiclónica; de advección oeste, anticiclón das Azores ou pinga fría; posibilidades de precipitación e ventos, temperaturas,etc. Tamén hai que resaltar a importancia do relevo para indicar as posibles diferenzas rexionais